

Non hai solución para a Unión Europea

Description

A Unión Europea é un edificio tan mal construído que non pode deixar que se mude ou se quite nengunha das pezas das que está feito porque se viría tudo abaixo. Foi un proxecto que entusiasinou aos que querían instituír un modelo de estado transnacional e antidemocrático que inaugurase a época do estado-mercado na que as nacións fosen "produtos" ao servizo das elites. Na práctica non podía saír ben porque a matemática do pensamento foi errada desde o inicio e se fixeron as contas baseándose en que dous máis dous non tiñan que ser catro e podían ser tres ou cinco ou calquera outra cousa se así se quería que fose.

A Unión Europea é un edificio tan mal construído que non pode deixar que se mude ou se quite nengunha das pezas das que está feito porque se viría tudo abaixo. Foi un proxecto que entusiasinou aos que querían instituír un modelo de estado transnacional e antidemocrático que inaugurase a época do estado-mercado na que as nacións fosen "produtos" ao servizo das elites. Na práctica non podía saír ben porque a matemática do pensamento foi errada desde o inicio e se fixeron as contas baseándose en que dous máis dous non tiñan que ser catro e podían ser tres ou cinco ou calquera outra cousa se así se quería que fose.

No asunto desa Grecia que non ten, nen vai ter, diñeiro para pagar as débedas, véase claro até que punto non hai saída para ninguén. Están todos tentando gañar tempo e botando remendos temporais, mas ninguén pode dar un paso para adiante ou para atrás. Chegado o final de Xuño, estará máis claro aínda que agora que Grecia non poderá pagar; os da "troika" seguirán cada vez máis divididos entre eles porque os tres teñen obxetivos diferentes; Merkel, que querría dar facilidades para que a cousa non remate en traxedia, non poderá facelo porque sería ir en contra do sentir dos moitos alemáns que saben que perdoar a Grecia significaría seguir subvencionando ás elites e mafias dos países mal administrados; e os Estados Unidos presionarán para que a Grecia poida seguir na Unión Europea porque non queren que busque protección na Rusia e porque, desde o punto de vista da estratexia xeopolítica, sobretudo en relación co Oriente Próximo, ten para eles moita importancia que non se apoderen dela outros anos menos gobernábeis. E o novo goberno grego non poderá cumprir o mandato de parar as medidas de austeridade e seguir na eurozona, polo que o máis probable é que teña que convocar outras eleccións.

E a ese panorama a curto prazo hai que engadir as nubes negras de tormenta que se achegan á Unión Europea coas novas situacións políticas en moitos dos países que a forman e o referendo xa anunciado para o 2017 do Reino Unido, se é que para entón aínda segue en pé esa construción autoritaria e forzada que non ten a flexibilidade precisa para que se poida mover unha peza sen que caian todas.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa

ETIQUETAS

Unión Europea Alemaña Grecia europeísmo

IDIOMA

Galego

Date Created

Xuño 15, 2015

Meta Fields

Autoria : 3769

Datapublicacion : 2015-06-14 00:00:00

Subtítulo : Unha reflexión de Teresa Barro